



Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal, pola que se ditan instrucións relativas ao procedemento para a expedición e renovación do carné básico de manipulador-aplicador de produtos fitosanitarios

A Orde do 8 de marzo de 1994, establecía a normativa reguladora da homologación de cursos de capacitación para realizar tratamentos con plaguicidas. Esta orde foi modificada mediante Orde PRE/2922/2005.

Por outra parte, en Galicia ditouse a Orde do 14 de abril de 2009, conxunta das consellerías do Medio Rural e de Sanidade, pola que se regula a formación das persoas que realizan actividades relacionadas coa manipulación e aplicación de produtos fitosanitarios na Comunidade Autónoma de Galicia e se crea a Comisión Técnica de Produtos Fitosanitarios. Esta orde remitia á Orde do 13 de marzo de 2009, pola que se ditan normas relativas á inscrición no rexistro de entidades colaboradoras da Consellería do Medio Rural para a realización de actividades de formación continua e transferencia de tecnoloxía en materia agraria e sobre o procedemento de homologación dos cursos realizados por estas entidades e a expedición de certificacións e diplomas oficiais por parte da Administración pública, para os efectos de determinar o procedemento de expedición dos carnés de manipulador-aplicador.

Con posterioridade, ditouse o Real decreto 1311/2012, do 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sostible dos produtos fitosanitarios e da unhas pautas para a expedición, exención, renovación e retirada dos carnés, concretamente no seu artigo 20.

Así, o número 1 da disposición transitoria primeira indica que os carnés expedidos en virtude da Orde do 8 de marzo de 1994, pola que se establece a normativa reguladora da homologación de cursos de capacitación para realizar tratamentos con praguicidas, manterán a súa validez ata a data de caducidade indicada nos mesmos, data a partir da cal os carnés deberán ser renovados de acordo co establecido no artigo 20.

O número 2 desa mesma disposición transitoria, establece que para os efectos previstos no artigo 20.2, relativo á expedición, renovación e retirada dos carnés de praguicidas de usos agrícolas, e ata que se establezan as disposicións para un sistema armonizado de renovación que garanta a actualización da formación dos usuarios, as comunidades autónomas poderían aplicar o sistema de renovación aplicado para os carnés emitidos en base á normativa anterior ao devandito real decreto. Na actualidade non se ditaron as disposicións ás que fai referencia a antedita disposición transitoria, aínda que se publicou na páxina web do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente un documento para a armonización dos sistemas de formación dos usuarios profesionais de produtos fitosanitarios.

Na orde do 14 de abril de 2009 xa citada, indicábase que a renovación dos carnés farase de forma automática coa presentación previa da solicitude, podendo o órgano competente en materia de



formación agroforestal esixir ás persoas solicitantes a actualización de coñecementos mediante accións de información ou formación complementarias.

A distinta normativa mencionada compleméntase entre si pero dificulta a tramitación dos expedientes de expedición e renovación dos carnés.

Concretamente as dificultades na aplicación da normativa correspondente están limitadas a dous momentos específicos: para acreditar que as persoas interesadas posúen os requisitos específicos requiridos polo Real decreto 1311/2012, do 14 de setembro, despois de solicitar o carné pero antes de recibilo, polo que dispoñen dos coñecementos axeitados pero non se aclara a forma de acreditar esa formación; e tamén respecto da renovación do carné básico de manipulador e aplicador de produtos fitosanitarios, toda vez que a normativa mencionada esixe para a renovación dos seus carnés a actualización de coñecementos pero non a realización de formación específica nin a superación de probas concretas de avaliación de coñecementos.

Tendo en conta todo o establecido anteriormente, dada a importancia da materia e para resolver dúbihdas que poderían xurdir na aplicación da normativa relacionada, en tanto se aproba a normativa autonómica de transposición da estatal, cómpre ditar unhas instrucións aclaratorias do procedemento para a expedición e renovación destes carnés.

Tanto a orde do 13 de marzo de 2009, como a Orde do 14 de abril dese mesmo ano, autorizan á persoa titular da director xeral competente en materia de investigación agraria para ditar as instrucións necesarias que permitan a aplicación do disposto nas devanditas ordes, polo que, en virtude do anterior e do disposto no Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, se ditan as seguintes instrucións:

Primeiro. Solicitud de expedición dos carnés

1. A solicitud de expedición dos carnés poderá realizarse de forma convxunta pola entidade de formación que imparta un curso autorizado para a obtención dun carné de manipulador-aplicador de produtos fitosanitarios actuando en representación dos alumnos, ou individual, por calquera interesado que reúna os requisitos de formación establecidos no Real Decreto 1311/2012.
2. As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos e 24 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes será necesario o Documento Nacional de Identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia.

Alternativamente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime



xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

A documentación complementaria poderá presentarse electrónicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante. A Administración poderá requisitar a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño e 22.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro.

Segundo. Tramitación da solicitude

1. A solicitude de expedición dos carnés remitirase á Dirección Xeral de Ordenación e Producción Forestal.

2. Xunto coa solicitude, remitirase a seguinte documentación:

- a) Certificación do coordinador da acción relativa á veracidade dos datos consignados na folla-resumo de asistencias, no caso de que a solicitude sexa conjunta e a presente a entidade de formación autorizada para impartir os cursos de formación.
- b) Copia do documento de identidade dos alumnos que superaron o curso, salvo que autorizaran á Administración para a consulta dos seus datos persoais.
- c) Certificado da entidade de formación autorizada de superación do curso e da proba que corresponda, asinado pola responsable da entidade autorizada e polo interesado.
- d) Xustificante de abono das taxas correspondentes.
- e) No caso de validación, copia cotexada da titulación que accredita unha formación equivalente á que recolle o Anexo IV do Real decreto 1311/2012, do 14 de setembro.

3. Se a solicitude é individual abondará coa presentación da solicitude e os documentos especificados nas letras b), c) e d) do número anterior, e da letra e) no caso de validación.

No caso de validación ou formación realizada noutra Comunidade Autónoma, deberá presentar acreditación da inscrición no ROPO.

4. Á vista da documentación presentada, a persoa titular da dirección xeral de Ordenación e Producción Forestal, por proposta da persoa titular da Subdirección de Formación e Innovación Agroforestal, emitirá o carné ou ditará e notificará resolución denegatoria expresa no prazo de tres meses desde que a solicitude tivera entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Se transcorre o devandito prazo sen que se ditara a correspondente resolución, ou se emitira o carné, o interesado poderá entender estimada a súa solicitude, sen prexuízo da resolución que deberá ditarse para o efecto.

Terceiro. Exencións



1. Consonte co Real decreto 1311/2012, do 14 de setembro, estarán exentos da obriga de realizar o curso correspondente, os que soliciten o carné e amosen estar en posesión da titulación que acredite unha formación equivalente á que recolle o Anexo IV de dito real decreto, que establece as materias de formación para a obtención do carné de utilización de produtos fitosanitarios.
2. Por outra banda, quedan eximidos da obtención do carné o persoal dos distribuidores, consonte coa definición do artigo 3 do Real decreto 1311/2012, do 14 de setembro, cuxas tarefas non inclúan a venda nin a manipulación de produtos fitosanitarios para uso profesional.

Cuarto. Acreditación da formación antes da emisión do carné de nivel básico

En tanto se expide o correspondente carné, e para os efectos da compra e uso de produtos fitosanitarios aos que habilita o carné de manipulador –aplicador de fitosanitarios de nivel básico, será suficiente xustificar que se está en posesión da formación pertinente e homologada coa presentación do certificado emitido pola entidade de formación autorizada da superación da formación por parte do interesado, segundo letra c) do apartado segundo, previo pago de taxas correspondentes e co xustificante da presentación da solicitude de emisión do carné ante as autoridades competentes.

Quinto. Renovación do carné de nivel básico

1. De conformidade co previsto no artigo 11 da Orde conxunta do 14 de abril de 2009, das consellerías do Medio Rural e de Sanidade, pola que se regula a formación das persoas que realizan actividades relacionadas coa manipulación e aplicación de produtos fitosanitarios na Comunidade Autónoma de Galicia e se crea a Comisión Técnica de Produtos Fitosanitarios, a renovación dos carnés básicos farase de forma automática coa presentación previa da solicitude.
2. Xunto coa solicitude de renovación presentarase a seguinte documentación:
 - a) Copia do documento de identidade dos solicitantes, salvo que autorizaran á Administración para a consulta dos seus datos persoais.
 - b) Xustificante de abono das taxas correspondentes.
3. Para os efectos sinalados no apartado primeiro deste punto, as solicitudes individuais de cursos de formación formuladas polas persoas interesadas que xa dispuxeran dun carné, consideraranse como solicitudes de renovación de carné.
4. De acordo co artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, se a solicitude non está debidamente cuberta ou con ela non se acompaña a documentación esixida, requirirase á persoa interesada para que, nun prazo de dez días hábiles, subsane a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixer, teráselle por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42.1 da citada Lei 30/1992.



5. Para acreditar a tenza do carné en tanto non se dispón do novo, abondará coa presentación do carné caducado e a presentación do xustificante da correspondente solicitude.

6. Para adquirir os coñecementos que permitan actualizar a formación a que se refire o artigo 11 da orde convxunta do 14 de abril de 2009 e o artigo 20 do Real decreto 1311/2013, do 14 de setembro, porase a disposición dos interesados o material informativo ou didáctico necesario na sede electrónica da Consellería do Medio Rural
http://mediorural.xunta.gal/areas/investigacion_e_formacion/publicaciones/investigacion_e_formacion/.

Sexto. Especialidades en renovacións de carnés

1. Se a renovación se solicita nunha comunidade autónoma distinta daquela na que se obtivo o carné que se pretende renovar, o usuario deberá aportar xustificante da superación do correspondente curso de formación ou da acreditación da realización da formación complementaria consonte co establecido no apartado anterior, se fora o caso.

2. A renovación dos carnés expedidos por exención, acreditando unha formación equivalente á que recolle o Anexo IV do Real decreto 1311/2012, do 14 de setembro, que establece as materias de formación para a obtención do carné de utilización de produtos fitosanitarios, non require a realización de curso algúun de actualización de coñecementos.

Sétimo. Retirada do carné

1. O órgano que expediu o carné poderá acordar a retirada do mesmo pola perda sobrevida dos requisitos que motivaron a súa expedición ou como consecuencia da resolución firme en vía administrativa pola comisión dunha infracción grave ou moi grave en materia de sanidade vexetal.

2. O acordo de retirada do carné realizarase mediante a tramitación do procedemento correspondente, que incluirá o trámite de audiencia ao interesado.

Décimo. Efectos

A presente resolución producirá efectos o mesmo día da súa publicación na páxina web da Consellería do Medio Rural.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2016

O director xeral de Ordenación e Producción Forestal

Tomás Fernández-Couto Juanas